



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 2 de maio de 2016

HORA DE COMEZO: 20:30 h.

HORA DE REMATE: 20:45 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbelo, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria accidental, D<sup>a</sup> María Rodríguez Gómez e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 11 E 18 DE ABRIL DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación a acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 18 de abril de 2016.

Así mesmo, acordouse aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 11 de abril de 2016, coa salvidade seguinte:

\* No punto C.2) de urxencias, modificar o acordo de autorización á sociedade "PRINCIPAL MORRAZO, SL", de ocupación de vía pública en rúa Estrela, nº 1, por acordarse a súa denegación nesa sesión da Xunta de Goberno Local.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SINALIZACIÓNS VARIAS**

2.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
T.B.P	Rabáns, 109-Vilanova-O Hío. Autorízase a instalación de sinal de pasaxe permanente, así como o pintado de amarelo na entrada do garaxe. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

### 2.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Vista a solicitude realizada o día 22.04.2016 por R.L.I, na que demanda sinalización horizontal diante da entrada do seu garaxe sito en Camiño de Cunchido, 27-Darbo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude do Sr. L. I. na que demanda sinalización horizontal, con pintado de amarelo, diante da entrada do garaxe sito en Camiño de Cunchido, 27-Darbo.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS E O CONCELLO DE CANGAS S/CESIÓN DE DEREITO DE USO DOS TERMINAIS DE RADIOCOMUNICACIÓN PARA O ACCESO AOS SERVIZOS DA REDE CORPORATIVA DE COMUNICACIÓNS MÓBILES DIXITAIS DE EMERXENCIA E SEGURIDADE DE GALICIA**

Dase conta de acordo asinado o día 15.04.2016 entre a Axencia Galega de Emerxencias e o Concello de Cangas, en materia de cesión de dereito de uso dos terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da rede



## Concello de Cangas

corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencias e seguridade de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura de acordo o día 15.04.2016 entre a Axencia Galega de Emerxencias e o Concello de Cangas, en materia de cesión de dereito de uso dos terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencias e seguridade de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia aos departamentos de Protección Civil e Intervención.

### **URBANISMO E PATRIMONIO**

#### **4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

##### **4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.



## Concello de Cangas

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.



## Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.548.- A D.G. e J.F., con enderezo en rúa Juan Castro Mosquera, nº 74-A Coruña, para en Donón-O Hío, en solo rústico, regulado pola Ordenanza 14, construír unha piscina descuberta, instalación de saneamento, produción de enerxía solar e almacén, de conformidade co proxecto da arquitecta, M.G.M., con data de 1 de maio de 2015, autorización autonómica de data 11 de febreiro de 2016, autorización de Patrimonio de data 29 de outubro de 2015 e a formalizar perante o catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE Nº 25.861.- A ECOFREN XESTIÓN E RECICLAXE, SL, con enderezo en Freixo, nº 8-Coiro, para en Longán-Coiro, construír un almacén de 98,56 m<sup>2</sup>., de conformidade co proxecto dos arquitectos, R.A.A., M.F.E. e A.L.N., de data febreiro de 2016 e o remate das obras deberán presentar certificado final de obra e comunicación previa de inicio de actividade.

### 4.A.2) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 873/04.- O tramitado a instancia de CARNICAS PARADANTA, SL, con enderezo na Madalena, s/n-Darbo, para novas instalacións para industria cárnica con sala de despece de vacuno e almacén frigorífico no referido lugar, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación da documentación de data 27 de decembro de 2004.

### 4.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.



## Concello de Cangas

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.817.- A M.D.F., con enderezo en San Cibrán, nº 14-Aldán, para na Serra de Poente-Darbo, construír un muro de contención de terras de 45,41 m2., de conformidade co proxecto do arquitecto técnico, H.G.G, visado o 7 de xaneiro de 2016.

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.906.- A BBVA, SA, reforma de oficina bancaria na Avda. de Méndez Núñez, nº 39-baixo-Cangas.

#### **FACENDA**

### **6º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

6.A) DACIÓN DE CONTA DE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 349/2008



## Concello de Cangas

Dase conta de dilixencia de ordenación do día 26.04.2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento ordinario 349/2008, promovido por "OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da dilixencia de ordenación do día 26.04.2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento ordinario 349/2008, promovido por "OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico e Tesourería.

### 6.B) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 232/2015-IF

Dase conta de resolución da Alcaldía do día 27.04.2016, referente ao procedemento ordinario nº 232/2015-IF, que di o seguinte:

#### *"RESOLUCION DE ALCALDÍA*

*Visto o contido da demanda interposta pola representación da -Sociedad General de Autores y Editores- (SGAE) contra o Concello de Cangas, pola que se está a seguir perante o Xulgado do Mercantil nº 1 de Pontevedra o Procedemento Ordinario nº 232/2015-IF.*

*Visto que ambas partes, Concello e SGAE, decidiron abrir un período de negociacións co fin de obter a finalización do procedemento de mutuo acordo, foi solicitada ao Xulgado a suspensión do citado procedemento, sendo esta solicitude atendida por Decreto de data 01/02/2016 que acordou a suspensión do procedemento por un prazo de sesenta días.*

*Visto que finalmente ao remate das negociacións se chegou a un acordo asinado por ambas partes no día de hoxe 27 de abril de 2016.*

*Visto que o citado acordo, do que se dá conta a Xunta de Goberno Local, establece unha serie de obrigas de carácter económico para o Concello, que deberán seren aprobadas pola Xunta de Goberno Local en función da competencia delegada nesta por esta Alcaldía por Decreto de data 02 de xullo de 2015 e que en particular con base nas estipulacións do acordo o Concello se*



## Concello de Cangas

*compromete a facer efectivo o pago antes do 30 de abril do ano que andamos da cantidade de vinte mil euros (20.000,00 €) con cargo aos orzamentos de 2016, é necesario avogar, ao abeiro do disposto nos artigos 13 e 14 da Lei 30/1992, a competencia citada e recoñecer a obriga por importe dos vinte mil euros (20.000,00 €) establecidos no devandito acordo, co fin de proceder ao seu pago dentro do prazo estipulado.*

*Considerando o anteriormente exposto, en uso das atribucións que me confire o artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os artigos 52 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a anterior, as Bases de execución do vixente Orzamento Municipal e demais disposicións de aplicación, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Dar conta a Xunta de Goberno Local do acordo asinado coa representación da SGAE no día da data, 27/04/2016, para poñer fin ao procedemento seguido no Xulgado do Mercantil nº 1 de Pontevedra como Xuízo Ordinario nº 232/15.*

*SEGUNDO.- Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución desta Alcaldía de 2 de xullo de 2015, para o recoñecemento da obriga estipulada no citado acordo coa SGAE para poñer fin ao Procedemento Ordinario nº 232/15.*

*TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar a obriga citada, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o artigo 67.1.b) do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, prestando aprobación ao xustificante que se cita e que se proceda a súa contabilización con cargo as partidas orzamentarias que se indican:*

<b>Doc. Acred</b>	<b>Nome terceiro</b>	<b>Desc. Oper.</b>	<b>Importe (Eur)</b>	<b>Exercicio</b>	<b>C. prog.</b>	<b>C. Econ.</b>
G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES	PAGO DEREITOS DE AUTOR S/ACORDO P.O. 232/15	20.000,00	2016	330	209
		TOTAL	20.000,00			

*CUARTO.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local dando traslado desta aos departamentos de Intervención, Tesourería, Apoio Xurídico e Secretaría”.*





## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao procedemento ordinario nº 232/2015-IF.

### **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

#### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DAS DANZAS ANCESTRAIS-2016**

Dase conta escrito do día 20.04.2016 referente a resolución da Axencia de Turismo de Galicia, polo que se concede unha subvención ao Concello de Cangas para a promoción das danzas ancestrais por un importe total de tres mil euros (3.000,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento e aceptar a concesión de subvención por parte da Axencia de Turismo de Galicia, por un importe total de tres mil euros (3.000,00 €), para a promoción das danzas ancestrais.

### **URXENCIAS**

#### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 02.05.2016, referente a adxudicación do contrato de Servizo alleo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE*



## Concello de Cangas

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo alleo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde do persoal ao servizo do Concello de Cangas.*

*Visto que a empresa 'TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL', achegou en tempo e forma (registro entrada nº 4889 do día 22.04.2016) a documentación que a Xunta de Goberno Local lle requiriu mediante acordo adoptado en sesión realizada o día 18.04,2016.*

*Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL', con CIF nº B36926640 e domicilio social e fiscal en rúa Pasteur, nº 30-1º andar da Coruña (CP 15008) o contrato de 'Servizo alleo de prevención de riscos laborais, nas especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicopsicología aplicada e vixilancia da saúde-medicina do traballo', coas seguintes especificacións da súa oferta:*

*> Prezo IVE incluído:*

- Seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada: 4.485,00 €/ano.*
- Vixilancia da saúde-medicina do traballo: 7.200,00 €/ano (exento de IVE).*
- Prezo unitario do recoñecemento médico: 36,00 € (exento de IVE).*

*> Melloras ofertadas:*

- Curso homologado de formación para traballos en altura, teórico e práctico.*
- Certificado de adecuación ao Rd 1215/1997 para 6 máquinas carpintería/obras.*
- Proposta doutras actividades preventivas complementarias a levar a cabo.*
- Curso básico de PRL de 30 horas lectivas aberto a todo o persoal municipal.*
- Curso básico de PRL de 50 horas lectivas para o persoal con maiores riscos.*
- Xornada divulgativa sobre temas preventivos para a todo o persoal municipal.*
- Ofrecemento de terapias ou tratamentos preventivos para dores concretos e frecuentes dos/das traballadores/traballadoras.*
- Formación en prevención específica para delegados/delegadas de persoa.*
- Entrega de manuais de prevención por clases de posto de traballo para todo o persoal.*



## Concello de Cangas

*Segundo.- Dispor, con cargo á aplicación orzamentaria 920.16204, o gasto que para este Concello representa a mencionada contratación.*

*Terceiro.- Notificar a 'TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante D. J.G.-M. M. para a sinatura deste.*

*Cuarto.- Nomear responsable deste contrato ao técnico municipal F. F. G., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.*

*Quinto.- Notificar a todos os licitadores este acordo e dar traslado deste aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato.*

*Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a adxudicación do contrato de Servizo alleo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.

### **B) SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015 e de conformidade co informe favorable da Tesourería Municipal, acorda aprobar a solicitude de devolución de garantías ao seguinte solicitante:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
D.F.R.	FIANZA	2.782,89 €	EXPEDIENTE 21.897

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.



**Concello de Cangas**

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente